

MANUAL BÁSICO DE PREZI



Índice de contidos

1.- Introducción.....	3
2.- Entrando en Prezi.....	3
3.- Rexistro en Prezi.....	5
3.1.- Rexistro na opción Pública.....	5
3.2.- Rexistro para profesores.....	6
4.- Iniciando sesión en Prezi.....	9
5.- Traballando con Prezi.....	11
5.1.- Creando unha nova Prezi.....	12
5.2.- Elementos do interface.....	15
5.2.1.- Axustes da presentación.....	16
5.2.1.1.- Atallos de teclado en Prezi.....	16
5.3.- O elemento Transformation Zebra.....	17
5.4.- Os frames.....	18
6.- O Path en Prezi.....	23
6.1.- Percorridos personalizados.....	23
6.2.- Zooms no percorrido.....	28
7.- Inserindo imaxes e vídeos.....	31
7.1.- Imaxes.....	31
7.2.- Vídeos.....	34
7.3.- Outras formas.....	36
7.4.- Outras transicións.....	39
8.- Gardar, publicar e compartir a nosa presentación.....	39
8.1.- Compartindo a nosa presentación.....	40
8.2.- Prezis públicas ou privadas.....	43

1.- Introducción.

Prezi é unha ferramenta *online* para crear presentacións. Presenta unha interface sinxela e que require un uso mínimo de menús ou teclado. Ten a vantaxe de que, ó ser unha ferramenta completamente *online* non require instalar ningunha aplicación no noso PC, o que nos permite traballar con ela en calquera ordenador (ou outro dispositivo) que teña conexión a internet.

Vexamos como comezar a usar Prezi e as funcións que nos ofrece.

2.- Entrando en Prezi.

Para comezar a traballar con Prezi abrimos un navegador e introducimos a dirección <http://www.prezi.com>. Apareceranos a seguinte pantalla no mesmo:



Nesta pantalla podemos iniciar sesión si xa temos creada unha conta con Prezi e, no caso de non tela, podemos rexistrarnos para obter unha. Prezi permite o rexistro dende unha conta de *Facebook* nuns poucos pasos ou que nos rexistremos usando unha conta de correo. Esta última opción é a que imos a usar.

Ó premer no botón *Registrarse ahora* que se indica na imaxe anterior apareceranos a seguinte pantalla:

The screenshot shows the Prezi website's pricing page. At the top, there is a navigation bar with the Prezi logo, 'Crear', 'Aprender', 'Explorar', and buttons for 'Registrarse' and 'Entrar'. The main heading is 'Elige tu licencia Prezi'. There are three main license cards:

- Public:** 'Registrarse ahora >'. Price: \$0/mes. 'Gratis, sin sorpresas'. Features: Presentaciones PÚBLICAS (Todas tus prezis serán públicas), Características (Editar y compartir prezis), 100 MB de almacenamiento (Suficiente para algunas prezis).
- Enjoy:** 'Iniciar prueba de 30 días >'. Price: \$4.92/mes. '59 \$ facturados anualmente'. Features: Presentaciones PRIVADAS (Elegir con quién compartir), Usar tu propio logotipo (Eliminar el logo de Prezi), Asistencia Premium (Respuestas en menos de un día), 500 MB de almacenamiento (Muchas prezis).
- Pro:** 'Iniciar prueba de 30 días >'. Price: \$13.25/mes. '159 \$ facturados anualmente'. Features: TRABAJAR SIN CONEXIÓN de forma segura (Usar Prezi Desktop), Presentaciones PRIVADAS (Elegir con quién compartir), Usar tu propio logotipo (Eliminar el logo de Prezi), Asistencia Premium (Respuestas en menos de un día), 2 GB de almacenamiento (Muchas prezis).

At the bottom, there are two additional options: 'Licencias para estudiantes y profesores >' (highlighted with a red arrow) and 'Licencias múltiples >'.

Podemos ver que nos ofrece tres opcións de rexistro: **Public**, **Enjoy** e **Pro**. A primeira é gratuíta pero tamén é a máis limitada: unicamente temos 100 MB de almacenamento para os nosos *Prezis* (os *Prezis* ou presentacións que creemos gárdanse na propia páxina) e todas as nosas *Prezis* serán públicas, o que significa que os demais usuarios de Prezi as poderán ver.

Na parte de abaixo podemos ver un botón que nos indica que Prezi ofrece licencias especiais para alumnos e profesores. Si prememos nese botón aparecerá a seguinte pantalla:

The screenshot shows the Prezi website's pricing page. At the top, there is a navigation bar with 'Prezi' logo, 'Crear', 'Aprender', 'Explorar', 'Registrarse', and 'Entrar'. A blue banner below the navigation bar contains a note: 'Nota: Las licencias educativas de Prezi pueden registrarse exclusivamente con direcciones de correo que coincidan con el dominio de la institución educativa.' Below this, the main heading is 'Licencias para estudiantes y profesores'. On the left, there are two buttons: 'Ver licencias frecuentes >' and 'Licencias para grupos >'. The main content area features two pricing cards. The first card, 'Enjoy Edu', is highlighted with a red circle and shows '\$0 /mes' and '0 \$ facturados anualmente'. It lists features: 'Presentaciones PRIVADAS', 'Usar tu propio logotipo', 'Asistencia Premium', and '500 Mb de almacenamiento'. The second card, 'Pro Edu', shows '\$4.92 /mes' and '59 \$ facturados anualmente'. It lists features: 'TRABAJAR SIN CONEXIÓN de forma segura', 'Presentaciones PRIVADAS', 'Usar tu propio logotipo', 'Asistencia Premium', and '2 Gb de almacenamiento'.

As vantaxes de uso de Prezi para profesores é que, de forma gratuíta, ofrécenos 500 MB de espazo para *Prezis* e tamén temos a posibilidade de que as nosas *Prezis* sexan privadas (unicamente nós teremos acceso a elas). Ademais poderemos cambiar o logotipo amosado no *Prezi* por un personalizado.

Vexamos agora como rexistrarnos.

3.- Rexistro en Prezi.

A diferenza no rexistro usando unha ou outra opción das vistas no punto anterior son os datos que nos pide Prezi para que nos demos de alta no seu sistema.

3.1.- Rexistro na opción *Pública*.

Si escollemos a opción de rexistro *Pública* solicitaranos un nome e apelidos, un correo electrónico e un contrasinal para poder acceder ó sistema. Podemos ver a pantalla na que nos pide eses datos na seguinte imaxe:

Vemos na parte dereita que temos a opción de rexistrarnos usando a nosa conta de *Facebook*.

3.2.- Rexistro para profesores.

Si optamos por rexistrarnos coa conta gratuíta para profesores, xa que nos ofrece mellores opcións, apareceranos a seguinte pantalla:

A limitación que temos ó usar esta segunda opción é que debemos rexistrarnos usando a nosa conta de correo *@edu.xunta.es*. Unha vez introducida esa dirección prememos en *Continuar* e debemos indicar os datos e a dirección da páxina web do noso centro na seguinte pantalla:

Datos sobre la escuela o universidad

School Name

City

Country

United States of America ▼

Website address

Ten en cuenta que solo puedes registrarte si tu institución educativa dispone de página web


Si tu dirección de correo educativa coincide con un dominio diferente a tu institución educativa (por ejemplo, el distrito escolar), registra la página web de tu distrito escolar en lugar de la página web de la institución.

Atrás


Continuar

Confirmo que la institución educativa que he indicado anteriormente es donde soy estudiante o profesor/a

Unha vez introducida a información indicada prememos en *Continuar* e aparece a seguinte pantalla:



Entramos no noso correo electrónico e teremos unha mensaxe de Prezi para confirmar esa subscripción:



Vemos que temos unha dirección na que debemos entrar para activar a nosa conta. Entramos nela dende un navegador web e teremos a seguinte pantalla:

Registrarse en Prezi

Has elegido "EDU Enjoy subscription" por 0 \$/año

Tu info personal

Nome Apellidos

Correo electrónico

Contrasinal

Contrasinal

Acepto las [condiciones de uso.](#)


Registrarse




Nela debemos introducir os datos indicados e premer en *Registrarse*.

4.- Iniciando sesión en Prezi.

Unha vez feitos os pasos anteriores xa podemos iniciar sesión en Prezi e comezar a traballar. Cando nos conectemos a Prezi premeremos no botón *Entrar* que aparece na parte superior da pantalla para iniciar sesión:



A pantalla que veremos para iniciar sesión será a seguinte:



The screenshot shows the Prezi login interface. At the top, there is a navigation bar with the Prezi logo, the text 'Prezi', and links for 'Crear', 'Aprender', and 'Explorar'. On the right side of the navigation bar, there are buttons for 'Registrarse' and 'Entrar'. The main content area is titled 'Iniciar sesión'. It features two input fields: 'Correo electrónico' and 'Contraseña'. Below these fields is a blue button labeled 'Iniciar sesión' and a link that says '¿Olvidaste tu contraseña? >'. To the right of the login form, there is a section titled 'Entrar con 1 clic' with a button for 'Entrar con Facebook'. Below this, there is a section titled '¿Nuevo con Prezi?' which lists several benefits: '-Crea prezis en línea', '-Comienza con 100 Mb de almacenamiento en la nube', '-Presenta con o sin conexión', '-App para iPad gratis', '-Colabora con Prezi Meeting', and '-Trabaja sin conexión con Prezi Desktop'. At the bottom of this section is a link that says 'Registrarse ahora >'.

Nesa pantalla introduciremos o noso nome de usuario (o correo electrónico que usamos ó rexistrarnos) e o contrasinal. Ó premer no botón *Iniciar sesión* aparecerá a pantalla principal da nosa conta de Prezi:



The screenshot shows the Prezi user dashboard. At the top, there is a navigation bar with the Prezi logo, the text 'Prezi', and links for 'Tus prezis', 'Explorar', and 'Asistencia técnica'. The main content area is titled 'Tienes o prezis'. It features a greeting '¡Hola,' and a link that says 'Personalizar tu perfil público >'. On the right side, there are two dropdown menus: 'Ordenar' with the selected option 'por última que abrí' and 'Mostrar' with the selected option 'todas las prezis'. In the center of the dashboard, there is a large blue button with a white plus sign and the text '+ Nueva prezi'.

Vemos que é unha pantalla moi simple, onde temos un botón para crear unha nova *Prezi*. Unha vez que teñamos xa creadas algunhas *Prezis* apareceranos unha pantalla parecida á seguinte ó iniciar sesión:



Onde podemos ver as *Prezis* que xa temos creadas, de forma que podemos acceder a elas para visualizalas ou editalas si o desexamos.

5.- Traballando con Prezi.

Si prememos nunha das *Prezis* que xa temos creadas prezi amosará unha pantalla coa mesma:




Para editala prememos no botón *Editar* sinalado na imaxe anterior. Isto é útil si desexamos seguir a traballar cunha *Prezi* que deixamos a medias ou modificar unha creada anteriormente. Vexamos antes como crear unha *Prezi* dende cero.

5.1.- Creando unha nova *Prezi*.


Na pantalla que vimos anteriormente:




prememos no botón *Nueva prezi* e aparecerá a seguinte pantalla:



Nela introduciremos o título da nosa *Prezi* e unha pequena descrición da mesma (se o desexamos):



Logo prememos no botón *Crear nueva prezi* e apareceranos a seguinte pantalla:




Esta pantalla é para escoller o *modelo* que vai a seguir a nosa *Prezi*. Podemos escoller un estilo en branco ou seleccionar un dos que nos ofrece Prezi. Para este exemplo escolleremos a segunda opción pero podemos ir probándoas todas para ver cal é a que máis se axeita ós contidos que queremos expoñer.

Unha vez seleccionado o *modelo* aparecerá unha pantalla coma esta:



Nela vemos resaltados os *frames* ou zonas nas que vai a ir o texto da nosa presentación. Realmente podemos colocar o noso texto onde o desexemos, pero neste modelo está pensado que vaia neses sitios.


Podemos premer nun deses *frames* e comezar a introducir texto, pero en lugar diso prememos no botón *Star editing* e aparecerá a seguinte pantalla:



Esa é a *vista* principal da nosa *Prezi*. Imos comezar a traballar desde esta pantalla e veremos as opcións que nos ofrece o interface de Prezi.

5.2.- Elementos do interface.

Para comezar a ver os elementos do interface de Prezi, si nos fixamos na parte superior da pantalla veremos o seguinte:



Cando traballemos nunha presentación os botóns que podemos ver na imaxe anterior serán os que nos permitan inserir novos elementos na mesma (coma imaxes ou vídeos). Xa iremos vendo a utilidade de cada botón segundo os vaíamos necesitado.

Por outra banda, na esquina superior dereita da páxina veremos o seguinte:




Esos botóns permiten compartir a nosa *Prezi*, xa veremos despois como e para que serve iso, imprimila (realmente crearanos un PDF), cambiar os axustes, mirar a axuda e saír.

Na parte esquerda da páxina, podemos ver na zona superior o seguinte:



Estes botóns permitirannos iniciar a presentación, comezar unha nova, gardar o noso traballo actual e desfacer ou recuperar cambios na mesma.

Xusto debaixo dos botóns anteriores, no lateral esquerdo da páxina, veremos isto:




Esos elementos amósanos os distintos *pasos* que vai a seguir a nosa presentación cando a executemos e veremos que tamén nos permitirán modificar os *saltos* que fagamos entre eles.

Comecemos a ver para que vale cada cousa.

5.2.1.- Axustes da presentación.

Si imos á barra que se atopa na parte superior dereita da nosa pantalla podemos ver o botón de axustes da nosa presentación (ten forma dunha pequena roda dentada). Se prememos nel aparecerán as opcións dispoñibles:



As opcións sinaladas coma *Screen Ratio* refírense á relación de aspecto da pantalla. Dependerá de onde vaiamos a facer a presentación. Si usamos un proxector que soporte formatos panorámicos escollemos **16:9** e en outro caso escollemos **4:3** (que é a opción por defecto se deixamos pulsado o *Off*).

A segunda opción, *Enable shortcuts*, serve para activar ou desactivar os atallos de teclado. Por defecto están desactivados, pero si os activamos permítenos traballar dun xeito máis rápido con Prezi, ó usar certas teclas ou combinacións de teclas para as tarefas máis comúns. Os atallos de teclado en Prezi si activamos a opción podémolos ver no seguinte apartado.

5.2.1.1.- Atallos de teclado en Prezi.

No modo edición:

- **F** – Debuxa un *frame*. Premendo outra vez permite elixir o tipo (corchete, círculo, rectángulo ou oculto)
- **L** – Carga un ficheiro (imaxe, pdf, vídeo, swf)
- **S** – Debuxa unha figura. Premendo outra vez permite elixir o tipo (frecha, liña, rectángulo, círculo, triángulo)
- **P** – Activa o modo *Path*
- **1** – Acerca o Zoom
- **2** – Alexa o Zoom
- **3** – Rotación no sentido do reloxo
- **4** – Rotación no sentido contrario
- **Supr, Retroceso** – Borra o obxecto seleccionado
- **Esquerda, Dereita, Arriba, Abaixo** – Move a selección 1 píxel na dirección indicada
- **SHIFT + Esquerda, Dereita, Arriba, Abaixo** – Move a selección 10 píxels na dirección indicada

- **SHIFT + Arrastrar** – Selecciona varios ítems
- **SHIFT + Click** – Selecciona ou quita da selección varios obxectos.
- **CTRL + Click** – Selecciona ou quita da selección varios obxectos.
- **SHIFT mentres se debuxa un *frame*** – Axusta o aspecto do *frame* que estamos a debuxar á relación de aspecto escollida (ou 4:3 se temos desactivada esa opción).
- **CTRL + S** – Salva o *Prezi*.
- **CTRL + Z** – Desfai a última acción.
- **CTRL + Y** – Refai a última acción desfeita.
- **CTRL + D** – Duplica os obxectos seleccionados.
- **CTRL + C** – Copia os obxectos seleccionados.
- **CTRL + V** – Pega os obxectos seleccionados.
- **CTRL + SHIFT + M** – Cambia a relación de aspecto entre 16:9, 4:3 e *off*.
- **CTRL + SHIFT + C** – Abre o editor CSS de Prezi.
- **Escape** – Finaliza a acción actual ou cerra o diálogo aberto.


No modo presentación:

- **Dereita, Esquerda** – Movémonos adiante a atrás polo *Path*
- **Arriba, Abaixo** – Zoom para acercar ou alonxar
- **B** – Pon a pantalla en negro. Movendo o rato ou premendo unha tecla volvemos á presentación.
- **Espazo** – Cambia entre o modo edición e o modo *presentación*. Si estamos en pantalla completa avanzamos polo *Path*.
- **X** – Se a mantemos pulsada, ó mover o rato desprazámonos pola presentación.
- **Z** – Se a mantemos pulsada, ó mover o rato arriba ou abaixo facemos Zoom para acercar ou alonxar.
- **Av. Páx., Ret. Páx.** – Movémonos adiante e atrás polo *Path* (non en pantalla completa).
- **Escape** – Finaliza a presentación.

A elección de usar ou non os atallos de teclado depende do que nos resulte máis cómodo á hora de traballar. Neste manual indicaremos en case todos os exemplos como traballar usando o rato.

5.3.- O elemento *Transformation Zebra*.

Este elemento é a ferramenta clave na edición das nosas presentacións. Realmente será o elemento co que máis imos a traballar. Aparecerá sempre que fagamos click nun obxecto para editalo. Por exemplo, se facemos click nun dos *frames* que temos creados na nosa presentación aparecerá o seguinte:



Nese elemento temos unha serie de botóns. Neses botóns prememos co botón esquerdo do rato para executar a acción dos mesmos.

Na man que aparece no centro podemos premer co botón esquerdo e, sen soltar o botón, mover o elemento a outra zona da nosa *Prezi*.


Os botóns máis e menos que aparecen arriba e abaixo da man permítennos aumentar ou diminuír o tamaño dese elemento. Isto tamén se pode facer se prememos na zona azul que rodea a man (onde están ese botóns máis e menos) e, sen soltar o botón, movemos o rato.

A parte exterior do elemento (a circunferencia de raias) permítenos xirar o elemento sobre si mesmo para colocalo na inclinación desexada.

Na parte inferior vemos dous botóns, un con forma de lapis e outro con forma de caldeiro de lixo. O lapis serve para editar o elemento actualmente seleccionado (por exemplo, un texto) e o caldeiro do lixo para borrarlo.

5.4.- Os frames.

Os *frames* son os elementos que van a facer de contedores en Prezi. Si facemos click nun *frame* aparecerá a seguinte pantalla:



Neste elemento vemos uns pequenos botóns nas partes superior, inferior e nos lados do mesmo. Eses botóns serven para modificar o tamaño do mesmo.

Realmente un *frame* para o que nos serve é para definir saltos na nosa presentación. Así, si cando executemos a presentación queremos que nun momento se nos amose de cerca unha zona da mesma o xeito máis sinxelo é colocar nesa zona a mostrar un *frame* e engadilo no noso *Path* (xa veremos logo como facer isto último).

Normalmente dentro do *frame* irán outros elementos, como caixas de texto, vídeos, imaxes, Por exemplo, se facemos click co botón esquerdo do rato dentro do *frame* anterior aparecerá o seguinte:




Ese elemento é un pequeno editor de texto. Podemos ver que nos permite editar 3 tipos de texto: *Title*, *Subtitle* e *Body*. A diferenza entre eses tres tipos é o tipo e color de letra. Ademais permítenos movelo pola pantalla para colocalo onde queiramos ou modificar o seu tamaño para axustalo ó que desexamos para a nosa presentación.

Na parte de arriba vemos unha pequena barra de ferramentas que podemos expandir premendo na frecha que hai á esquerda de todo. Pasaríamos disto:




A isto:




Os novos botóns que aparecen permítennos xustificamos o texto, poñer listas con viñetas, ...

Por outra banda, como estamos a editar o texto dentro dun contedor *frame*, ó movelo para colocalo apareceranos ás veces unha liña vertical ou horizontal deste xeito:



Esa liña axúdanos a centrar o texto dentro do contedor *frame*.

Probemos agora a engadir un subtítulo dentro deste mesmo *frame*. Primeiro facemos click para editar un texto e escollemos o tipo *Subtitle*:



Escribimos o texto que queiramos e logo movémolo debaixo do título centrándoo coa axuda da liña que nos ofrece Prezi.


O resultado será o seguinte:




Agora facemos o mesmo pero elixindo un texto de tipo *Body*:



Unha vez rematado, o noso elemento *frame* queda do seguinte xeito:



E ese elemento dentro da presentación queda así:



Podemos seguir a introducir o texto dos demais elementos *frame* da nosa presentación para comezar a ver como nos movemos despois por ela.

6.- O Path en Prezi.

Co término *Path* referímonos ó percorrido que imos a seguir na nosa presentación cando o executemos.

Como xa vimos, Prezi preséntanos unha única folla para as nosas diapositivas. É un cambio de metodoloxía de traballo respecto a Powerpoint ou Impress. Nestes últimos temos unha folla para cada diapositiva e no momento da presentación comezamos pola primeira e imos avanzando hasta chegar ó final. ¿Como facemos en Prezi iso si unicamente hai unha folla?

Pois ben, a idea de Prezi é que a folla é unha *vista xeral* da nosa presentación. Esta presentación estará composta por varios *frames* espallados por esa folla e, no momento de realizar a exposición, iremos recorrendo os distintos *frames* no orde desexado. Ese orde é o que modificamos co *Path*.


Cada un dos *frames* que teñamos postos no camiño do *Path* amosarase a pantalla completa, sendo Prezi quen se encarga de facer os desprazamentos e os zooms sobre a páxina para conseguilo.

Debemos ter en conta isto á hora de facer a nosa presentación. Unha presentación con moitos desprazamentos grandes ou zooms de varios niveis pode chegar a facerse pesada.

Vexamos como facer o percorrido polos distintos *frames* da presentación que temos creada.


6.1.- Percorridos personalizados.

Cando creamos unha presentación en Prezi a partires dun modelo podemos ver que ó lado dos *frames* que nos crea ese modelo temos un pequeno número:




Ese número indica a orde na que aparecerá ese *frame* ou elemento cando fagamos a presentación.

Na parte esquerda da pantalla podemos ver unha barra vertical na que se nos amosan os *frames* da presentación (no orde no que van a aparecer segundo o *Path* que temos definido).



Podemos ver na imaxe anterior que temos un botón co texto *Edit Path*. Se prememos nese botón veremos un “*camiño*” superposto sobre a nosa presentación cunhas liñas. Ese será o camiño que se percorrera cando a executemos.



Podemos engadir novos elementos ó noso camiño simplemente facendo click sobre eles. Si facemos click sobre un novo elemento (un *frame*, elemento do fondo, texto, imaxe, vídeo, ...) engadirase ó final do noso camiño.

Si o que queremos é engadir un novo elemento dentro dun camiño xa creado (pero non ó final, se non pole medio), debemos usar un pequeno botón co símbolo + que se pode ver no camiño ó lado das *paradas* que xa temos definidas e arrastralo ó novo elemento.


Así, supoñamos por exemplo que na imaxe anterior queremos facer unha pausa entre os *frames* que se amosan coma *parada* número 3 e número 4. Nesa pausa amosaremos un dos obxectos con forma de pagada que temos no fondo.

O primeiro é ir hasta o *frame* que ten o número 3 e observar ese pequeno botón co símbolo +:




Agora premeremos nese botón co rato e arrastrarémoslo hasta o elemento que queremos

engadir xusto despois do 3:




Cando soltemos o rato quedará definido ese punto coma *parada* número 4 e poderemos ver na barra lateral esquerda como apareceu unha nova *diapositiva* para amosar:




Con este exemplo vimos como engadir novos elementos ó *Path* e que eses elementos non teñen por que ser *frames*.

Por outra banda, vemos que a última diapositiva da nosa presentación tamén é o final do *Path*. Supoñamos que non queremos que quede esa imaxe na pantalla cando rematemos de falar, se non unha vista xeral de todo o exposto.


Si prememos no cadro que está xusto enriba do botón *Edit Path* poderemos ver unha vista xeral da nosa *Prezi*:



Si observamos a imaxe anterior podemos ver que a *vista xeral* da que falamos está en realidade dentro dun *frame*, que ven sendo no noso exemplo a *diapositiva 1* do noso *Path*. Pois ben, para rematar o noso *Path* vamos engadir unha vista final dese mesmo *frame*. Para iso prememos no botón *Edit Path* e logo prememos directamente no *frame* a engadir (vese co borde de cor azul na imaxe anterior). Cando prememos nun novo obxecto co *Edit Path* activado víamos que ese novo elemento se engade de xeito automático ó final do percorrido:



Quedaranos a nosa presentación do seguinte xeito:



6.2.- Zooms no percorrido.

Todos os exemplos que vimos antes agás o último son modificacións do percorrido sobre *frames* do mesmo nivel (*frames* que teñen un tamaño similar). Ó engadir eses *frames* ó percorrido Prezi vai saltando de un ó outro para amosalos a pantalla completa.


Podemos aproveitar ese funcionamento de Prezi para obter unhas animacións máis vistosas mediante zooms. A forma de conseguilo consiste en engadir novos *frames* de tamaño moito máis pequeno dos que xa temos e cando Prezi os *enfoque* a pantalla completa a sensación que nos dará é a de que nos *acercamos* ó fondo do noso Prezi.

Si nos damos conta, no exemplo final do punto anterior fixemos xusto o contrario. Ó seleccionar coma último *frame* do percorrido o *frame* número 1, que é máis grande cós demais, a sensación que nos deu ó finalizar é de que nos *aloxábase* para ter unha vista global.


Vexamos un exemplo de como facer un efecto de zoom. Para iso, na parte superior da pantalla prememos no botón que pon *Add Frames* para engadir un novo *frame*:



Ó premer nese botón apareceranos un menú para permitirnos escoller o tipo de *frame* que queremos inserir:




Nese menú os *Layouts* son uns conxuntos de *frames* colocados de xeito predefinido que podemos aproveitar para o noso proxecto. Os botóns de abaixo permítenos inserir *frames* en forma de corchetes, círculos, rectángulos ou invisibles. Os dous primeiros xa os vimos no que levamos feito hasta o de agora:




Os *frames* invisibles permítennos agrupar un conxunto de elementos pero sen ter un marco visible que defina os bordes do mesmo. O de tipo rectángulo ten unha cor de recheo de fondo.

Podemos ter *frames* dentro de *frames* e aproveitar ese zoom que fai Prezi para, por exemplo, presentar nun *frame* unha idea xeral do que queremos dicir e logo *profundizar* no tema con ese efecto de zoom. Vexamos como facelo.

Vamos a ir ó noso *frame* 3 e ver o seu contido:



Dentro del vamos a poñer 3 *frames* novos de tamaño moi pequeno (que case non se vexan neste nivel de zoom) con un texto ampliando o que se di no texto que temos na imaxe anterior:



Como podemos ver na imaxe, os tres novos *frames* son case invisibles dentro do máis grande. Facemos zoom no Prezi hasta achegarnos a eses frames para poder traballar con eles. Para facer o zoom podemos usar a roda do rato, as teclas rápidas explicadas anteriormente (sempre que

activásemos os *Shortcuts*) ou, se movemos o rato á dereita de todo da pantalla, usando uns botóns que aparecen:



Eses botóns permítennos en todo momento ampliar ou reducir o zoom ou, premendo no botón con forma de casa, volver á *vista xeral* da nosa *Prezi*.


Acercamos entón o zoom hasta o primeiro dos novos *frames* e inserimos novos contidos.

7.- Inserindo imaxes e vídeos.


Vamos a aproveitar que estamos a engadir eses novos contidos nos tres *frames* recién creados para ver como se engaden elementos coma unha imaxe ou un vídeo.

7.1.- Imaxes.


Acercámonos ó primeiro *frame* e poñemos un pequeno texto:




Agora engadiremos unha imaxe xusto debaixo dese texto. Prememos na barra superior sobre o botón *Images*:




Aparecerá un menú que nos permite elixir si queremos usar unha imaxe que teñamos no noso disco ou buscar unha en Google:



Escollemos a opción de *From Google Images* e aparece a seguinte pantalla:



Buscamos o que nos interesa poñendo as palabras de busca. Neste exemplo escribiremos Prezi para buscar unha imaxe relacionada co propio editor, por exemplo:



Prememos no botón de *Search* e apareceranos o seguinte:




Na parte dereita veremos un listado de imaxes atopadas. Se facemos click en calquera delas veremos na parte esquerda da imaxe unha vista previa desa imaxe. Podemos movernos pola lista usando a roda do rato.

Unha vez que atopamos unha imaxe que nos interesa prememos en *OK* no botón que aparece xunto a lista de imaxes e xa se engadirá a imaxe á nosa *Prezi*. Agora podemos colocala onde queiramos e co tamaño e rotación que desexemos:



Si volvemos ó *frame* “pai” deste podemos ver como queda o resultado:




Vemos o novo *frame* dentro do que xa tiñamos, pero é tan pequeno que apenas se aprecia. Vamos agora ó segundo dos *frames* circulares que engadimos e poñamos un texto acompañado dun vídeo.

7.2.- Vídeos.


Repetimos os mesmos pasos que no caso anterior para chegar a un nivel de zoom que nos permita traballar comodamente co *frame*:




Agora prememos na barra superior da pantalla sobre o botón que pon *Media*:




Apareceranos un menú similar ó caso das imaxes:



Neste caso permítenos engadir un elemento novo desde un ficheiro (PDF, un vídeo almacenado no meu PC, un ficheiro swf, ...) ou usar un vídeo de YouTube. Escolleremos esta opción e aparecerá a seguinte pantalla:



Neste caso non podemos facer unha busca do vídeo, temos que ter xa o enlace ó mesmo. Ese enlace poñémolo na caixa de texto e prememos no botón *Insert*:



Ó premer nese botón apareceranos o vídeo dentro da nosa *Prezi* e poderemos traballar con el coma se fose un elemento máis da presentación (podemos movelo, cambiarlle o tamaño, xiralo, ...):

Videos en Prezi

Tamén podemos engadir vídeos nas nosas Prezis si o desexamos.

Os vídeos collerémolos de YouTube, podendo pegar directamente o texto do enlace e Prezi xa se encarga de "collelo".



7.3.- Outras formas.

En Prezi podemos, ademais de vídeos e outro elementos sacados de internet ou do noso PC, engadir unhas formas xa incluídas no propio Prezi para o noso uso.


Engadiremos no último dos *frames* creados antes un pequeno texto con algunha desas formas. Imos ó nivel de zoom nese *frame* que nos permita traballar:

Outras formas en Prezi


Prezi permítenos traballar con unhas formas que inclúe nunha pequena librería para o noso uso.

O único que debemos facer é premer no botón Shapes e escoller a que mellor se axuste ó que queremos.


Agora premeremos no botón *Shapes* que se atopa na barra superior:




e aparecerá o seguinte menú:




Nese menú temos a opción de escoller certas figuras para engadir (frechas, liñas, figuras xeométricas,...). Tamén podemos facer debuxos libres coa opción *Pencil* ou resaltar un texto coa opción *Highlighter*, por exemplo. Neste cas premeremos en *Symbols* e aparecerá a seguinte pantalla:



Escollemos o símbolo que nos interese e prememos no botón *Choose*. Ese símbolo aparecerá no noso *frame* para que poidamos colocalo como desexemos.



Unha vez rematados ese *frames* engadirémolos ó *Path* xusto despois da diapositiva que ten o número 3 do xeito explicado antes:




Agora se probamos a nosa presentación veremos un curioso efecto de zoom que fai Prezi para amosarnos eses elementos.

Si aplicamos xiros ós nosos *frames* Prezi xirará a cámara mentres se centra neles para amosalos facendo un efecto tamén curioso. De todos xeitos debemos lembrar que é mellor non abusar de xiros e zooms nas presentacións, xa que en lugar de facelas atractivas para a audiencia podemos chegar a cansar de tanto efecto.

7.4.- Outras transicións.

Prezi permite facer outro tipo de transicións entre os elementos diferentes do zoom ou dos saltos. Cando temos varios elementos nun *frame* no que facemos unha parada do *Path* non teñen que amosarse todos xuntos, se non que podemos indicar que se amosen de un en un facendo un *fundido*. Iso faise co botón en forma de estrela que está ó lado do número que indica a *parada* do *Path*:




Ó premer nese botón entramos no modo de *edición* dos elementos dese *frame*, permitíndonos o mesmo indicar a cales dos elementos queremos aplicarlle un efecto de *fade-in* para que aparezan pouco a pouco:



8.- Gardar, publicar e compartir a nosa presentación.


Unha vez rematada a nosa presentación prememos no botón da barra de ferramentas que se encontra na esquina superior esquerda para gardala:




Si a queremos descargar para o noso PC podemos facelo en formato PDF (que logo podemos imprimir si o desexamos). Para iso imos á barra de ferramentas que está na parte superior dereita da pantalla e escollemos o botón con forma de impresora:



Ese botón converte a nosa presentación a un ficheiro PDF que conterá tantas páxinas coma *paradas* teña o noso *Path*:



Unha vez rematada a conversión danos a opción de descargala en formato PDF:




8.1.- Compartindo a nosa presentación.

Na mesma barra de antes, xusto ó lado do botón para gardar en PDF, temos un botón que nos permite compartir a nosa presentación:



Premendo nese botón aparecerá un menú que nos permite unha serie de opcións:




A primeira delas permítenos comezar unha presentación *online* para poder presentar de forma conxunta con outra persoa un tema, por exemplo. Ó premer nese botón aparecerá unha pantalla coma a seguinte:



O único que debemos facer e premer en *Copy Link* e enviarlle ese enlace dalgunha forma á outra persoa (por correo electrónico, por exemplo). Cando abra o enlace comezaremos a facer a presentación de xeito conxunto. Ese enlace será válido hasta 10 minutos despois de que eu cerre o meu Prezi, e poden facer a presentación simultánea un máximo de 10 persoas.

O segundo menú permítenos compartir a nosa presentación para edición. Si queremos facer unha presentación entre varios usuarios prememos nesa opción e aparecerá a seguinte pantalla:




Ó igual que no caso anterior copiamos o enlace e mandámolo por correo electrónico ou usando outra opción dispoñible. Ese enlace permite que hasta 10 persoas editen a presentación e é válido durante unha semana.

No último menú daranos un enlace para compartir a nosa *Prezi* con outras persoas para que a poidan ver.

Para saír do modo edición prememos no botón de saída nesa mesma barra:



Unha vez que saímos do modo edición apareceranos a seguinte pantalla:



The screenshot shows the Prezi web interface. At the top, there's a navigation bar with the Prezi logo, 'Tus prezis', 'Aprender', and 'Explorar'. The user's name 'Miguel Mourón' is visible in the top right. The main area displays a presentation slide with a path of footprints leading through various elements like text boxes and images. Below the slide, there's a control bar with buttons for 'Editar', 'Ver juntos', 'Descargar', 'Guardar una copia', and 'Compartir'. A 'Privada' status indicator is also present.

Na parte de abaixo vemos uns botóns que nos permiten obter un enlace para ver desde varios equipos de xeito simultáneo a *Prezi* (botón *Ver juntos*). Ven sendo o mesmo que a primeira opción que vimos para compartir no modo *edición*.

Podemos tamén descargar a *Prezi* para o meu PC premendo no botón *Descargar* (en modo *portable* para poder vela sen conexión a internet ou en modo *edición* para editala se teño o programa *Prezi Desktop*, que é de pago). Por outra banda, podemos gardar unha copia desta *Prezi* por si queremos modificala pero sen arriscarnos a danar o orixinal, por exemplo (no botón *Guardar una copia*).

O botón *Compartir* permítenos facer algo similar ó que xa fixemos dende o modo edición: compartila unicamente para visualizar ou para editar:



The screenshot shows the 'Compartir esta prezi' dialog box. It has three tabs: 'Visualizar', 'Editar', and 'Incrustar'. The 'Editar' tab is selected, and a red arrow points to it. Below the tabs, there's a text input field containing the URL 'http://prezi.com/unrxjb5y_2-o/prezi-de-exemplo/?auth_key=bd42b14' and a 'Copiar' button. There's also a 'Correo' option below the input field.

A novidade que temos aquí e que podemos escoller a pestana *Incrustar* e obter o código para poñer a nosa *Prezi* nun blog ou páxina web:

Compartir esta prezi

Visualizar
Editar
Incrustar

Ancho: píxeles Alto: píxeles

Permitir recortar y ampliar libremente

Limitar la navegación solo a avanzar o retroceder

```

<object id="prezi_6627027011c6ea69cad20bb58d9c7d0d9b9800c2" name="prezi_6627027011c6ea69cad20bb58d9c7d0d9b9800c2"
classid="clsid:D27CDB6E-AE6D-11cf-96B8-444553540000" width="550" height="400"><param name="movie" value="http://prezi.com
/bin/preziloader.swf"/><param name="allowfullscreen" value="true"/><param name="allowFullScreenInteractive" value="true"/><param
name="allowscriptaccess" value="always"/><param name="wmode" value="direct"/><param name="bgcolor" value="#ffffff"/><param
name="flashvars" value="prezi_id=6627027011c6ea69cad20bb58d9c7d0d9b9800c2&amp;lock_to_path=0&amp;color=ffffff&amp;autoplay=no&

```

Copiar código al portapapeles

Vemos que podemos axustar o tamaño e ademais podemos permitir que se poida navegar libremente pola *Prezi* ou unicamente avanzar e retroceder polo *Path* que teñamos definido.

8.2.- Prezis públicas ou privadas.

Si temos unha licencia que nolo permita podemos facer privada a nosa *Prezi*. A licencia de profesor permítenos facelo.

Para iso buscamos un botón que está ó mesmo nivel que os vistos no punto anterior pero na parte dereita da pantalla e que pon *Privada*:

Editar
Ver juntos
Descargar
Guardar una copia
Compartir

Privada
🗑️

Ó premer nese botón aparecerá a seguinte pantalla:

Editar
Ver juntos
Descargar
Guardar una copia
Compartir

Privada
🗑️

Estado de privacidad

Pública y permitir copia

Publicar en [Prezi.com/explore](https://prezi.com/explore) para que otros puedan guardar una copia.

Public

Publicar en [Prezi.com/explore](https://prezi.com/explore) para que otros puedan encontrarla fácilmente.

Privada

Solo el propietario, los coeditores y los invitados a visualizarlas pueden acceder a las prezis privadas.

Cerrar

Nela podemos escoller o nivel de privacidade da nosa *Prezi*: que sexa *pública* (aparece nas buscas dentro da páxina de Prezi) e permitimos que a xente a copie para poder modificala, que apareza nas buscas pero soamente para visualizar, non deixamos que a copien para modificar ou *privada*, de xeito que non apareza nas buscas de Prezi.

Aínda que fagamos a nosa presentación *privada* podemos compartila igualmente con outras persoas, pero debemos facelo enviándolle nós o enlace á mesma dun dos xeitos vistos antes.